



PLAN DIGITAL

CPR Salesianos A Mercé Cambados

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O Colexio Salesianos A Mercé de Cambados situado en Lugar Serantellos, 1. 36639 Castrelo-Cambados (Pontevedra) ten a disposición do público unha web propia (<https://salesianoscambados.es>) onde consultar as novidades e avisos, así como un teléfono de contacto (986 542 750) e un correo electrónico para consultas (contacto@salesianoscambados.es).

Actualmente conta coas etapas educativas de Educación Secundaria Obrigatoria e Formación Profesional Básica (Agroxardinería e Composicións Florais e Peiteado e Estética).

O claustro do centro está formado por 17 docentes e conta con 112 alumnos/as.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.

Desde hai varios anos, o centro está inmerso nun proceso de transformación propio. Non se trata só dos cambios legislativos ou sociais, que tamén experimentan tódolos centros, trátase dunha adaptación máis concreta, xa que o noso centro ten o seu propio perfil: pertence a unha determinada congregación, aos Salesianos, (coa súa propia misión, visión e valores), é o resultado dun proceso histórico, áchase situado nunha contorna, compoño unha comunidade educativa única, está dotado duns recursos e carece doutros. Neste contexto diferencial debemos situar este plan, que pretende, dalgunha maneira, establecer o itinerario que esas circunstancias peculiares nos esixen para que a transformación, ao final, se axuste ás nosas propias necesidades.

O centro está situado nunha zona rural do concello de Cambados, na parroquia de Castrelo. O alumnado deste centro procede de diversos lugares da comarca e dende moitos colexios distintos, polo que no primeiro curso é fundamental a coordinación docente para equilibrar a competencia dixital do alumnado, adaptándose do mellor xeito posible á dinámica do colexio.

O nivel económico das familias é medio ou medio-baixo polo que a adquisición de dispositivos dixitais particulares é moi complicada. Por este motivo, os dispositivos cos que traballa o alumnado adquirenos o centro.

Dende o ano 2019 o colexio conta con correos corporativos persoais para toda a comunidade educativa, que están asociados a Google Suite For Education.

Os alicerces do noso Proxecto Educativo sitúanse en torno a varios eixes fundamentais entre os que destacamos os seguintes:

1. O cambio entendido como actualización. Non é un cambio radical, senón un proceso de actualización no que se complementa a metodoloxía tradicional coa innovación, as características propias do noso centro, do noso alumnado e do noso profesorado coas demandas externas a nivel legislativo.
2. Desde o noso estilo educativo. O marco educativo da escola salesiana sostén os procesos de actualización aos que nos estamos sometendo.
3. O plan dixital do centro nun marco máis amplo. O plan dixital forma parte do plan estratéxico do centro que, ao mesmo tempo, está dentro do Proxecto Educativo Pastoral do centro, ámbolos dous aliñados co Plan de innovación inspectorial e as liñas estratéxicas da Escola Salesiana.
4. PIE: pensamento de innovación educativa. Unha proposta inspectorial que é unha práctica de pensamento colectivo que invita a afrontar a innovación educativa desde catro dimensións de transformación: currículo (currículo, metodoloxía e avaliación), organización, roles (docente e rol do alumnado) e espazos (deseño, arquitectura e equipamento).

O Plan Dixital debe encaixar no contexto institucional do centro, na PXA do curso 22/23, sendo guía fundamental para o establecemento dos obxectivos do curso e da planificación do mesmo contribuíndo á formación integral do noso alumnado.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro está baseada nos seguintes documentos oficiais:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

A organización e o proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital estivo marcada polos seguintes pasos:

- Formación do Equipo TIC de centro: Seleccionase profesorado dos distintos departamentos con un dominio alto das novas tecnoloxías. Integran este equipo:
 - Fátima Sancho
 - Jose Manuel González
 - Juan Luis Allo
 - Agar Montes
 - María González
 - Asun Rodríguez
 - Pablo González (Coordinador)

- Incorporación a Aula Virtual da Xunta “Adix Vilagarcía 2”: O xefe de departamento, Pablo González, accede a AV asesorado en todo momento por Benigno Gómez para seguir as actividades no prazo previsto.
- Recopilación de datos actuais: Realízase a enquisa SELFIE e o Test de Competencia Dixital Docente ás partes que son obxecto de sondaxe.
- Realización das tarefas: O Equipo TIC ao completo reúnese mensualmente para traballar nas distintas tarefas que son propostas polo asesor dixital:
 - Análise do resultado das enquisas SELFIE e CDD
 - Realización do DAFO
 - Concreción dos obxectivos do Plan de Acción
- Elaboración do documento final: O xefe de departamento, acompañado do resto do Equipo redacta o Plan Dixital onde se recollen os resultados de todas as actividades realizadas con este fin ao longo do curso.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta con unha conexión de fibra óptica da compañía Vodafone cableada por unha empresa local de electricidade e ten contratado un servizo de mantemento con Dismega.

En canto ao equipamento:

- Todas as aulas están equipadas cun PC de sobremesa e un proxector dixital con punteiro.
- A aula de informática conta con 18 equipos de sobremesa.
- Hai 30 equipos chromebook, repartidos en dous armarios portátiles, para uso do alumnado que teñen conexión a rede wifi do centro dende calquera lugar do edificio. Estes dispositivos están xestionados polo colexio a través da consola de administrador de Google Suite.
- A biblioteca está xestionada dixitalmente co software Meiga.
- A sala de profesores ten a disposición do claustro 2 PC sobremesa e un chromebook de pantalla táctil.

- En caso de confinamento de parte do alumnado, existe a posibilidade de realizar videoclases conectando unha cámara aos ordenadores das aulas.
- A aula taller está equipada con unha impresora 3D e 14 sets completos de aprendizaxe de Arduino.

O colexio conta con dous servizos dixitais educativos:

- Plataforma Educamos: A súa función é a de rexistrar o proceso de aprendizaxe do alumnado (cualificación dos exames, boletín de notas e recuperacións) así como anotar todas as ausencias, atrasos ou comentarios que o docente queira deixar rexistrados na súa sesión. Esta é a principal ferramenta de comunicación coas familias.
- Gsuite: O entorno educativo de Google pon a disposición do alumnado e do profesorado numerosas ferramentas educativas entre a que se destaca o Classroom, de obrigado uso en todas as materias, e o Drive. No Classroom o alumnado pode atopar tarefas para entregar e tamén material de apoio ou reforzo das distintas materias. O Drive está dividido en unidades compartidas en función dos equipos aos que pertence cada docente e empregase como espazo de almacenamento dixital común a todo o claustro.

No caso de producirse unha avaría esta debe ser rexistrada na ferramenta Gavin (Gestión de Averías) que está desenvolvida por Tech Don Bosco e xestionada a nivel local polo administrador Jose Luis Paz. En función do tipo de avaría, a persoa encargada dará aviso o encargado de mantemento correspondente:

- Avaría de software: O primeiro encargado de solucionala é o Coordinador TIC, de non dispor dos recursos necesarios avisará de novo o administrador para que chame a empresa de mantemento informático.
- Avaría de hardware: O mantemento das impresoras e dos PC sobremesa corresponde a empresa externa Dismega.
- Avaría de conectividade: Se o incidente se produciu fora do centro o encargado de solucionalo será a empresa comercializadora, Vodafone. De producirse dentro do edificio contactarase á empresa Electricidad Vieites.

- Avaría de equipos chromebook: Estas incidencias son xestionadas directamente na web de cliente de Acer (<https://dealercare.acer-euro.com/dealercore/loginframe.htm>) e atendidas por Xenon como empresa onde se adquiriron os equipos.
- Avaría de servizos dixitais: Si está relacionada coa plataforma Educamos , o administrador porase en contacto co departamento de Edebe correspondente. De producirse un incidente en algunha das ferramentas Gsuite, será o coordinador TIC o encargado de solucionalo coa axuda do departamento de atención ao cliente de Google.

As normas que tratan sobre o correcto uso dos recursos e dispositivos están recollidas no NOF (<https://salesianoscambados.es/index.php/nof>)

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a realización do DAFO empregouse unha autoavaliación (SELFIE), un test de Competencia Dixital Docente (Test CDD), e outras fontes como son o resultado das enquisas de satisfacción (InCo) ou de desempeño docente (DeDo).

Na seguinte táboa inclúese a información do resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		ESO	FP
A -Liderado	Equipo Direct.	3,6	3,2
	Profesorado	4,1	3,5
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,8	3,1
	Profesorado	3,4	3,2
	Alumnado	3,1	3,8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,0	3,2
	Profesorado	3,8	3,4
	Alumnado	3,0	3,5
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,7	3,6
	Profesorado	4,3	3,6
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,6	3,5
	Profesorado	4,1	4,0
	Alumnado	4,1	4,2
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,6	3,3
	Profesorado	3,7	3,7
	Alumnado	3,4	3,8
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,5	3,0
	Profesorado	3,3	3,1
	Alumnado	3,0	3,3

H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,6	3,2
	Profesorado	3,8	3,6
	Alumnado	3,8	3,8

Na táboa que está a continuación preséntase un resumo da información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do Test CDD de centro. Tamén se reflicte o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no Test CDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>15</u>	<u>17</u>	<u>82,2%</u>
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>4</u>	<u>25%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
97,7	Experto/a (B2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	104,4	Experto/a (B2)	79,2	Integrador/a (B1)
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0%
A2	4	25%
B1	5	31,3%
B2	3	18,8%
C1	4	25%
C2	0	0%
TOTAL	16	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e

facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	A empresa encargada do mantemento técnico é moi deficiente. Falta de fondos	Dispositivos dixitais para a ensinanza e aprendizaxe (Chromebooks, pizarras dixitais, aula de informática, equipos arduino, impresora 3D, etc). Acceso a fibra óptica
	PERSOAL DOCENTE	Baixo coevaluación do traballo do alumnado.	Participación nunha rede de biblioteca de recursos en liña
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Falta de dispositivos para todo o alumnado. Baixa resolución de problemas técnicos. Distracción cando emprega as novas tecnoloxías en certos contextos.	Implicación nas novas tecnoloxías
	FAMILIAS	Falta de recursos para dotar aos fillos/as de dispositivos e conexión á rede	
	OFERTA	Tempo insuficiente para explorar as ensinanzas dixitais	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Unha boa parte do claustro adica pouco tempo á ensinanza dixital.	Participación dunha parte do claustro no proceso de DPC (Desarrollo Persoal Continuo)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Entornos educativos de aprendizaxe.	Falta de axudas para equipamento tanto para o centro como para o alumnado
	LEXISLACIÓN	Novas modalidades de ensinanza	
	CONTORNA		Baixa competencia dixital das familias
	ANPA	Comunicación coa comunidade educativa	Falta de colaboración con outros centros
	OUTRAS ENTIDADES	Recursos educativos abertos e en liña.	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O Equipo TIC unha vez reunido e analizado o DAFO acorda como prioritarios os seguintes obxectivos enmarcados en tres áreas prioritarias:

- **Formación:** Aumentar o emprego de ferramentas dixitais por parte do profesorado (DAFO: Unha boa parte do claustro adica pouco tempo á ensinanza dixital.)
- **Seguridade:** Desenvolver estratexias que permitan ao alumnado implementar o uso seguro das novas tecnoloxías dentro do ámbito escolar. (DAFO: Distracción cando emprega as novas tecnoloxías en certos contextos.)
- **Difusión:** Capacitar ás familias nos recursos dixitais educativos e nas plataformas de comunicación. (DAFO:Baixa competencia dixital das familias)

Para cada obxectivo cumprimentase unha táboa (**apartado 3.3**) que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O centro non precisa ningún outro servizo dixital e a infraestrutura está correctamente dimensionada para o número de alumnado, dispositivos e materias actuais. Pero si presenta as seguintes necesidades de equipamento:

- 10 equipos chromebooks: Contaríase en total con 40 dispositivos que permitirían o uso simultáneo dos mesmos en 2 e ata 3 aulas ao mesmo tempo.
- Proxector: Permitiría a creación dunha caixa de area de realidade aumentada (SandBox) que facilitaría a aprendizaxe dos mapas topográficos, as curvas de nivel ou o ciclo da auga.
- Equipo portátil con tarxeta gráfica adicada: Algúns dos programas de edición 3D ou edición de vídeo e fotografía empregados nas materias de Tecnoloxía e Educación Plástica requiren dunha GPU específica para realizar procesamento gráfico.
- Escáner 3D: Para sacarlle o máximo partido á impresora 3D este complemento sería o máis axeitado e facilitaría unha aprendizaxe práctica de moitos módulos das materias do departamento de ciencias.
- 2 ordenadores de sobremesa: O seu emprazamento sería a biblioteca, e así este espazo podería contar con equipos de consulta online para uso do alumnado no tempo de recreo.

3.3. Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: B. Colaboración y redes						
OBXECTIVO 1:	Capacitar ás familias nos recursos dixitais educativos e nas plataformas de comunicación.				Acadado	
Responsable:	Coordinación TICs.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de familias que son capaces de desenvolverse de xeito adecuado coas plataformas educativas e dixitais en xeral.					
Valor de partida:	70 % é incapaz de desenvolverse cos recursos dixitais educativos e as plataformas de comunicación.					
Valor previsto e data:	30 % é incapaz de desenvolverse cos recursos dixitais educativos e as plataformas de comunicación.			Final de curso		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Crear un equipo de traballo que se encargue dese obxectivo.	Equipo Tic	Inicio de curso	Dispoñibilidade horaria do equipo de traballo e das familias	Enquisa para coñecer as necesidades/dificultades das familias	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Crear un manual coa información necesaria	Equipo Tic	Final do primeiro trimestre	Publicación no blog do colexio e impresa en papel	Manual de uso dos recursos dixitais educativos	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Ofrecer formación gratuita.	Xefatura de estudos coordinado co Equipo Tic	Final do segundo trimestre	Aula virtual Equipo informático	Certificación da formación acadada	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Crear un rexistro coas incidencias relacionadas coas Tics por parte das familias	Administración	Final de curso	Equipo informático	Rexistro por parte do centro	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: H. Competencias digitais do alumnado						
OBXECTIVO 2:	Desenvolver estratexias que permitan ao alumnado implementar o uso seguro das novas tecnoloxías dentro do ámbito escolar.				Acadado	
Responsable:	Coordinación TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de alumnado que aplica o código de normas básicas de seguridade dentro da rede.					
Valor de partida:	0% do alumnado ten asimilado o código de normas básicas.					
Valor previsto e data:	60% do alumnado ten asimilado o código de normas básicas.			Final de curso		
ACCÍONS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Crear un equipo de traballo que se encargue dese obxectivo.	Coordinación TICS	Inicio de curso	Acta	Creación da acta.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Crear un código investigando.	Titorías.	Dous primeiros trimestres.	Equipos informáticos Aula virtual. Impresora.	Información atopada.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Crear infografía.	Equipo de traballo.	Final do segundo trimestre.	Equipos informáticos Aula virtual. Impresora.	Publicación no blog do centro. Impresión.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Posta en práctica de actividades para aplicar o código.	Titores/as	Final de curso.	Test de seguimento. Cuestionario. Resolución de actividades.	Resultado do test ou cuestionario	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: "D. Desarrollo profesional continuo"						
OBXECTIVO 3:	Aumentar o emprego de ferramentas dixitais por parte do profesorado				Acadado	
Responsable:	Coordinación TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de profesorado que emprega máis de 5 recursos TICs diferentes					
Valor de partida:	25% do profesorado					
Valor previsto e data:	60% do profesorado			Final de curso		
ACCIONS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Crear un equipo de traballo que se encargue des obxectivo.	Coordinación TICS	Inicio de curso	Acta	Creación da acta.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Elaborar un banco de recursos TIC.	Xefaturas de departamento	Dous primeiros trimestres.	Drive corporativo	Creación do banco de recursos.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Ofrecer formación gratuita.	Xefatura de estudos	Final do primeiro trimestre.	Aula virtual Equipo informático	Certificación da formación acadada	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Posta en práctica de actividades TIC nas distintas materias.	Xefaturas de departamento	Final de curso.	Folla de rexistro Drive corporativo	Enquisa de avaliación de desempeño docente realizada polo alumnado	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte:

- **Avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- **Avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

A publicidade e difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa seguirá o mesmo protocolo que os demais Plans de centro, primeiro comunicaráselle ao claustro a súa entrada en vigor e posteriormente será presentado e aprobado en consello escolar. Ademais estará a disposición de todos os interesados tanto no Drive como na web do centro.